

MEMORIA DE ACTIVIDADES ANUAL

2016-2017

ANPA do CEIP Eduardo Pondal

1. Introducción

Procedemos a elaborar a memoria anual de actividades, co obxectivo de deixar constancia das actividades realizadas pola asociación durante o curso pasado.

Remitimos unha copia da presente memoria á Dirección do centro para o seu coñecemento e publicaremos na web da ANPA.

2. Actividades realizadas durante o curso escolar 2016/17

- **Actualización e xestión de documentos:** Actualización dos Estatutos, inscrición no rexistro de asociacións, activación do DNI electrónico para a petición de subvención por vía telemática, elaboración de informes ...
- Posta en marcha e seguimento da actividade “**Xogando coa lingua**” impartida por Well Spoken.
- **Enquisa ás familias.** coa finalidade de coñecer as súas inquedanzas e preocupacións respecto á vida escolar dos seus fillos e fillas. Número total de enquisas emitidas: 165_ Número de enquisas devoltas: 90_ Enquisas en branco: 6 Foi publicado na web da ANPA un informe cos resultados desa enquisa e foi entregado ao equipo directivo.
Constatamos que un dos principais problemas polo que están preocupadas as familias é o estado do edificio e instalacións, ou a accesibilidade polo que o tomamos como obxectivo principal desta ANPA.
- **Reis Magos** (puxéronse os reis cos traxes que nos cederon no cole, reparto de bolsiñas con caramelos donados por diversas casas comerciais de Ponteceso e agasallo dunha foto de grupo a cada escolar)

- **Entroido**, varios membros da ANPA colaboraron en colocar as mesas cos doces típicos (que foron pedidos as familias), axudaron a maquillar a profesores e nenos e fixéronse as fotos no photocall.
- **Contra a LOMCE** sumámonos as mobilizacións convocadas pola Plataforma galega na defensa do ensino público. Estas mobilizacións concretáronse en concentracións convocada para o día 24 de novembro e o 16 de febreiro. O 9 de marzo participamos na folga do ensino público. Mandamos unha nota informativa a todas as familias. No noso centro secundaron a folga un 70% do alumnado aproximadamente e 4 profes.
- **Subvención da Deputación.** Solicitouse unha subvención para unha actuación no colexio. A subvención foi concedida pero a compañía contratada comunicaounos en abril que non podían realizar a actuación. Sostituímolos pola actuación en xuño do Mago Alex, sufragada integramente pola ANPA.
- Participación de membros da directiva en **Xornadas de formación** organizadas pola Federación de ANPAs da Costa da morte: en fiscalidade e contabilidade das ANPAS, sobre comedores escolares, sobre atención á diversidade...
- Asistencia as **Asembleas da Federación de ANPAs.**
- **Charla informativa** sobre **comedores escolares.** Deuse a coñecer a “Plataforma Galega por unha alimentación responsable na escola”.
- Posta en marcha do **Consello Escolar Municipal**, constituído por persoal docente dos distintos centros de ensino de Ponteceso, persoal do concello, da Administración educativa, de sindicatos e membros das distintas ANPAs. O CEMP configurouse como un organismo de

asesoramento, consulta, proposta, información e participación sobre o ensino non universitario no ámbito territorial do concello.

- Presentación do **Proxecto ENKI** no colexio. Este colectivo ten por obxectivo promover a inclusión, práctica de deporte e incorporación de persoas con diversidade funcional á práctica deportiva inclusiva. Levaron a cabo unha charla de sensibilización e talleres prácticos con vehículos adaptados. Participaron os alumnos de 5º e 6º de primaria.
- Participamos na organización dunha **xornadas informativas en Ponteceso**, no mes de maio, sobre as probas de diagnóstico externas para o alumnado de 3º e 6º de primaria en colaboración coa Federación provincial de ANPAs da Coruña-Costa da Morte. Tamén se trataron outros temas como o CEMP ou a fiscalidade nas Asociacións den ánimo de lucro.
- Elaboración do **proxecto de xornada única** e posterior campaña a favor do cambio horario para o noso centro (elaboración dun video, tríptico resumo do proxecto, realización de charlas informativas...). As votacións foron celebradas o 26 de maio. Faltaron 3 votos favorables para conseguir o cambio de horario. (Era necesario o 58% de votos afirmativos das 164 familias participantes)
- Integración dun membro da nosa ANPA na nova xunta directiva da Federación Provincial de ANPAs de A Coruña_Costa da morte.
- Participación dalgún membro da directiva da ANPA nas distintas etapas do 2º Camiño dos Faros Sin Límites
- **Actuación do Mago Alex** para todo o alumnado do centro e aberto ás familias

- **Festival con P de Pondal.** Colaboración económica da ANPA co colexio para a celebración do primeiro Festival P de Pondal (fin de curso) no que agasallaron aos nenos con chapas, camisetas...

- **Proxecto para Obra Social La Caixa.** Este verán mantivemos varias reunións co director da oficina de La Caixa en Ponteceso para pedir unha axuda económica con fins sociais. Presentamos o proxecto denominado “Extraescolares para todxs” e foi aprobado.

- **Reunións co Equipo Directivo:**
Foron moitas as reunións que mantivemos co Equipo Directivo do cole para tratar temas moi variados que afectan a vida escolar dos nosos fillos/as. Destacamos os seguintes:
 - Actualización do Plan de evacuación. Aínda está pendente.
 - Colaboración no Proxecto de cambio de xornada partida a continuada
 - Pedir conxuntamente financiamento a Obra Social La Caixa.
 - Creación da comisión de convivencia e comisión de comedores no Consello Escolar. (Debido as queixas dalgunhas familias sobre a cantidade e calidade dos menús ou o servizo de coidadoras do comedor. Transmítennos a posibilidade de que as familias que realmente estén interesadas en ver o funcionamento do comedor, están invitadas a ir, igualmente ca ANPA. Tamén ofrécense a realizar una reunión conxunta se houberse moita xente interesada.
 - Implantación do uso de papel e xabón no lavado de mans, o procedemento estaba en marcha, pero se non se insiste en Consello... o igual que o lavado dos petos de ximnasia
 - Realizar conxuntamente as peticións oportunas á Administración educativa para que acometan as obras necesarias no centro.

Reunións institucionais:

○ **Concello:**

Ao longo do pasado curso mantivemos varias reunións con distintos representantes municipais: alcalde, concelleiro de educación, técnica de cultura e deportes, servizos sociais...co obxectivo de solicitar a súa intervención en temas tan diversos como:

- Mellorar a sinalización da contorna do centro.
- Pequenos arranxos pendentes: goma dos baños de infantil, alambrada, areeiro, bancos do patio, pavimento do parque infantil...
- Concesión dunha aula propia no Edificio das Escolas e as chaves correspondentes, para levar a cabo as reunións da ANPA.
- Instalación de equipamentos deportivos: Canasta e mesa de pingpong (a canasta aínda queda pendente).
- Análise de metais pesados na auga que consumen os nenos no colexio. (A análise de metais pesados da auga do centro foi realizada pola empresa municipal de augas e os resultados determinaron que a auga ten uns valores por debaixo dos niveis e que era apta para o seu consumo)
- Retomar a Escola de Pais
- Subvención para a ANPA. O alcalde expresa que é moito máis sinxelo e rápido optar por unha actividade costeada íntegramente polo concello que o papeleo e o tempo que supón a solicitude dunha subvención.
- Solicitamos posteriormente a ampliación da oferta das actividades extraescolares organizadas polo Concello para o vindeiro curso.

Música e movemento: Infantil e 1º 2º,

Informática básica (manexo office): 3º-6º Primaria

Deporte de raqueta: badminton, ping-pong, etc.

A día de hoxe non temos resposta ao respecto.

- Pavimentación do acceso ao patio do Edificio das escolas (realizado este verán)
- Informamos dos acordos aos que chegamos na reunión mantida co xefe territorial.

- Durante as vacacións o concello estivo realizando obras menores no colexio como: cambio de cristais, arranxo de portas, reposición de tapas de inodoros, camiño que leva ao pavillón, cambios na iluminación, arranxo nas repisas de ventanas...Ainda quedan cousas pendentes: cambiar máis portas, colocar a canasta...

- o **Inspector de Educación:**

- Mantivemos varias reunións co Inspector de Educación para solicitar:
- Autorización para o uso das instalacións do colexio para a realización de actividades extraescolares dentro do horario lectivo (recreos do comedor)
- Presentación de queixas sobre o funcionamento do Departamento de Orientación do centro (queixas que nos chegaron de varias familias). Solicitouse a redución de centros de ensino que debe compartir a orientadora.
- Unha especialista en Audición e Linguaxe a tempo completo no centro.
- Compromiso da ANPA de buscar financiamento para poder costear as actividades extraescolares á familias do noso centro con rentas moi baixas.

- o **Xefe territorial:**

Logo de varios intentos solicitando unha reunión o xefe territorial de Educación da Coruña accede a recibirnos. Acordamos co equipo directivo levar unha única petición: A mellora na accesibilidade do centro. Fomos acompañadas polo director e o xefe de estudos, que aportaron imaxes nas que se percibían as necesidades que ten o centro.

Lembrámoslle o seu compromiso coa anterior ANPA de visitar o noso centro para valorar a viabilidade das obras pendentes. Levamos un informe detallado coas deficiencias que presenta o colexio e coas peticións feitas ao respecto en anos anteriores. .

Recordámoslle tamén as deficiencias que ten o colexio con relación a : aulas infantil, pasarela cuberta, carpintería interior e exterior e o saneamento.

Nesta reunión o xefe territorial comprometeuse en realizar a visita pendente en 3 semanas e cumpríu co seu compromiso.

Nesta visita comprometeuse a levar a cabo a construción de varias rampas de acceso ao centro e ao recibidor e a realización dun proxecto técnico para a instalación dun ascensor. As obras para a instalación do ascensor quedarían aplazadas para o curso 17/18.

As rampas foron feitas en agosto. Xa temos un centro de ensino accesible para todas as persoas.

En xullo volvemos a reunirnos co xefe territorial levando os seguintes temas.

- agradecementos polas obras comprometidas para a mellora da accesibilidade,
- comunicar a posta en marcha do CEMP,
- pedir redución de coles para a orientadora e unha profe especialista en Audición e Linguaxe a tempo completo no cole.
- Amosamos o noso descontento pola lei que regula a implantación da xornada única, ,que nos parece inxusta alegando que nos tres anos que se leva intentando o cambio de xornada, unha maioría de familias apoian o cambio, que o voto sexa un só por familia e non por número de fillos escolarizados, que as familias que entran novas no cole, con nenos de 3 anos non se lles permita votar e que só sexa presencial e non delegable.